Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

Presentacion do centro

A Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense está localizada no Edificio Xurídico Empresarial do Campus Universitario en pleno centro da cidade.

A oferta educativa para o próximo curso 2011-2012 no Centro é:

Tres títulos de Grao:

- **GRADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS**
- **GRADO EN TURISMO**
- **GRADO EN CONSULTORÍA E XESTIÓN DA INFORMACIÓN**

Tamén se está a impartir:

- **Curso Ponte para o Grao en ADE**
- **Curso Ponte para o Grao en Turismo**

Se es Diplomado/a en Ciencias Empresariais ou Turismo podes obter o teu Grao en Administración e Dirección de Empresas(ADE) ou o Grao en Turismo en un só curso académico.

En canto á oferta de **POSGRAOS** da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo:

- **MASTER OFICIAL EN CREACIÓN, DIRECCIÓN E INNOVACIÓN NA EMPRESA.**
- **MASTER OFICIAL EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO.**
- **MASTER OFICIAL EN XESTION EMPRESARIAL DO DEPORTE**

Por outra banda, durante os últimos anos, a Facultade de Empresariais e Turismo, potenciou, de forma considerable a participación dos estudiantes en programas de movilidade.

Para obter máis información visita a nosa páxina web http://www.fcetou.uvigo.es/

¡Ven a visitarnos!

Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa

Materias

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O04M006V01111	Traballo Fin de Máster	1c	14

O04M006V01112	Prácticas en Empresas ou Organizacións de Soporte para a Investigación e Innovación	1c	16

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Traballo Fin de Máster				
Materia	Traballo Fin de Máster			
Código	O04M006V01111			
Titulación	Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	14	OB	2	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Rivo López, Elena			
Profesorado	Gueimonde Canto, Ana Isabel Rivo López, Elena Rodríguez López, Nuria			
Correo-e	rivo@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	O traballo fin de máster supón a realización dun proxecto, memoria ou estudo no que se apliquen e desenvolvan os coñecementos adquiridos no Máster e as competencias xerais asociadas á titulación. O alumnado realizará un traballo de investigación, desenvolvemento e documentación para profundar nos contidos dun conxunto de materias do máster, ou ben para propor novo coñecemento nas áreas temáticas do máster.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Capacidade de organización e planificación
A4	Dominio dos instrumentos e sistemas para a planificación e xestión global das organizacións
A5	Capacidade para seleccionar e aplicar as técnicas e instrumentos máis adecuados no deseño de estratexias e proxectos empresariais
A6	Habilidade na procura de información especializada e proveniente de distintas fontes
A7	Capacidade para a toma de decisións
A8	Capacidade para a resolución de problemas
A9	Capacidade para a transmisión de ideas e a defensa do propio criterio
A12	Capacidade de adaptación a ambientes cambiantes
A13	Capacidade de aprendizaxe
A17	Habilidade para a planificación, posta en práctica e avaliación crítica de proxectos innovadores
A19	Habilidade para resolver problemas cuxa solución non resulta da aplicación dun procedemento estandarizado
B2	Capacidade crítica e autocrítica
B4	Capacidade de comunicación, negociación e habilidade para a resolución de conflitos
B5	Creatividade
B6	Lideranza
B7	Desenvolvemento da iniciativa emprendedora
B9	Capacidade de comunicación multicultural
B16	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B17	Habilidade para traballar de forma autónoma

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Habilidade na procura, selección e valoración da información	Saber estar / ser	A6
Crear unha actitude crítica que permita emitir xuízos argumentados e defendelos con rigor e tolerancia	Saber estar / ser	A9 B2
Capacidade para obter a información adecuada coa que afrontar novos problemas empresariais	Saber estar / ser	A6 A8 A19
Planificar situacións	saber facer	A1 A4 A17

Resolver problemas cuxa solución non deriva da aplicación dun procedemento estandarizado	Saber estar / ser	A7 A8 A19 B6 B17
Achegar solucións orixinais	saber facer	B5 B7
Actitude emprendedora e positiva fronte a problemas novos	Saber estar / ser	A8 A12 B7
Capacidade de construír un texto escrito ou unha exposición oral de forma comprensíbel e organizada	saber facer	A1 A9 B4 B9 B17
Transmitir a información adecuadamente	Saber estar / ser	A9 B4 B9
Habilidade para argumentar desde criterios racionais	Saber estar / ser	A9 A17 B2
Integrar os coñecementos asimilados sobre as diversas disciplinas impartidas durante todo o posgrao en un único traballo	Saber estar / ser	A13 B16
Desenvolvemento das habilidades críticas, analíticas e creativas da/o alumna/o ao adaptar solucións e métodos estudados teoricamente a problemas reais	Saber estar / ser	A8 A19 B5 B7 B16
Comprender as relacións entre técnicas, métodos e ferramentas aprendidos, para a súa utilización na planificación, xestión e execución sistemática dun proxecto	Saber estar / ser	A4 A5

Contidos	
Tema	
1. Requisitos que debe reunir o tema escollido	1. Debe responder a un problema, necesidade ou oportunidade de negocio relacionado coa creación e/ou dirección de empresas, e/ou coa xestión da innovación, a tecnoloxía e/ou a calidade. 2. Deberá ter unha entidade suficiente, é dicir, o problema a tratar será o suficientemente complexo. 3. É desexábel que o tema escollido garde relación co labor desenvolvido ou problemáticas abordadas durante o período de prácticas, a fin de obter as maiores sinerxías e aproveitamento de ambas actividades do Máster. Se ben a orientación do Máster é eminentemente profesionalizadora, pode acontecer que o traballo asignado ao alumnado no período de prácticas tivese un carácter máis académico-investigador do que estritamente profesional, sobre todo cando as prácticas se realicen en centros de innovación e tecnolóxicos do sistema galego de innovación, dada a diversidade de necesidades de recursos humanos destes centros (sinalada no INCITE). Esa especificidade será contemplada no tipo de proxecto de Máster e nos seus procesos de avaliación.
2. Contidos básicos a desenvolver	1. Definición do problema ou obxecto de investigación 2. Estruturación do traballo 3. Análise bibliográfica 4. Desenvolvemento experimental, empregando fontes de datos secundarias e primarias 5. Análise e interpretación de resultados 6. Redacción e presentación do traballo con criterios académicos no que atinxe a liguaxe, citas, referencias bibliográficas, etc. 7. Exposición e defensa oral do traballo 8. Desde o punto de vista formal o traballo deberá incluír un índice paxinado, unha sinopse e as referencias bibliográficas. As táboas, cadros e gráficos deben ir correctamente titulados e referenciados. O Traballo debe incluír unha portada de presentación indicando o nome do autor, o titulo da mesma, o nome do/s titor/es e o nome do programa de Máster. Debe estar mecanografada con marxes razoábeis, e impresa polas dúas caras.

3. Procedemento a seguir para a asignación de tema e titor	Existirán dúas posibles alternativas para a escolla do tema do Traballo Fin de Máster: A. OPCIÓN A - Alumnado que opte por realizar un traballo fin de máster INCLUIDO NA LISTAXE PROPOSTA na guía docente da materia: O/A alumno/a empregará o Formulario TFM 01 para transmitir a súa proposta á coordinación do Máster. Poderá haber dúas posibilidades: a. O tema está asociado ás prácticas que o/a alumno/a realiza na empresa ou institución: O alumnado que realice prácticas en empresas e institucións proporá á entidade de prácticas a realización dun traballo sobre a propia empresa ou sobre o sector no que se atopa. Neste caso a institución debe aceptar a realización de dito traballo e o a/o alumna/o deberá comunicalo á coordinación do Máster no formulario mencionado. b. O tema non está vinculado ás prácticas: Cada alumna/o deberá escoller tres temas, priorizados, entre os propostos na listaxe Propostas de temas e titores. En caso de que varias persoas soliciten un mesmo tema, a asignación farase por nota media de expediente do Máster. B. OPCIÓN B - Alumnado que opte por realizar un traballo fin de máster NON INCLUÍDO na listaxe proposta na guía docente da materia: O/A alumno/a empregará o Formulario TFM 02 para transmitir a súa proposta á coordinación do Máster. Poderá haber dúas posibilidades: a. O tema está asociado ás prácticas que o/a alumno/a realiza na empresa ou institución: O alumnado que realice prácticas en empresas e institucións proporá á entidade de prácticas a realización dun traballo sobre a propia empresa ou sobre o sector no que se atopa. Neste caso a institución debe aceptar a realización de dito traballo e o a/o alumna/o deberá comunicalo á coordinación do Máster no formulario mencionado. b. O tema non está vinculado ás prácticas: O alumno ou alumna poderá solicitar a realización dun proxecto diferente non incluído na listaxe de temas propostos. A Comisión Académica do Máster valorará o interese, utilidade e viabilidade do estudo proposto e en consecuencia decidirá sobre a admisión da proposta.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Proxectos	3	321	324
Presentacións/exposicións	1	25	26

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Proxectos	O traballo fin de máster supón a realización dun proxecto, memoria ou estudo no que se apliquen e desenvolvan os coñecementos adquiridos no Máster e as competencias xerais asociadas á titulación. O alumnado realizará un traballo de investigación, desenvolvemento e documentación para profundar nos contidos dun conxunto de materias do máster, ou ben para propor novo coñecemento nas áreas temáticas do máster.
Presentacións/exposicións	O proxecto debe ser presentado e defendido ante un tribunal que se encargará da súa valoración.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Presentacións/exposicións	1. Os Proxectos Fin de Máster serán titorizados por un ou dous profesores que impartan docencia no Master. 2. O titor será un/ha profesor/a doutor/a (no caso de cotitorización alomenos un/ha dos cotitores será profesor/a doutor/a). 3. A función dos titores consistirá en orientar ao alumnado durante a realización do Traballo, supervisalo e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados. 4. O titor dun Traballo de Fin de Master non poderá ser membro da Comisión Avaliadora que o califique. 5. Os titores deberán propór proxectos con calidade suficiente e estabelecer as liñas mestras que deben ser verificábeis de forma práctica. 6. Terán que facilitar ao alumnado as orientacións adecuadas ante os problemas que xurdan no desenvolvemento do proxecto. Isto non implica que o director ou titor do proxecto deba resolver os problemas senón que deberá mostrarlle as ferramentas a empregar e auxilialo na resolución. 7. O titor supervisará a realización do proxecto, a calidade dos seus contidos, e que se desenvolva de acordo coas presentes normas. 8. Avaliará o traballo realizado polo alumno cumprimentando o Formulario correspondente. 9. En xeral ningún director poderá dirixir máis de 2 proxectos distintos no mesmo curso academico. As excepcións a esta regra deberán ser autorizadas pola Coordinadora.
Proxectos	1. Os Proxectos Fin de Máster serán titorizados por un ou dous profesores que impartan docencia no Master. 2. O titor será un/ha profesor/a doutor/a (no caso de cotitorización alomenos un/ha dos cotitores será profesor/a doutor/a). 3. A función dos titores consistirá en orientar ao alumnado durante a realización do Traballo, supervisalo e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados. 4. O titor dun Traballo de Fin de Master non poderá ser membro da Comisión Avaliadora que o califique. 5. Os titores deberán propór proxectos con calidade suficiente e estabelecer as liñas mestras que deben ser verificábeis de forma práctica. 6. Terán que facilitar ao alumnado as orientacións adecuadas ante os problemas que xurdan no desenvolvemento do proxecto. Isto non implica que o director ou titor do proxecto deba resolver os problemas senón que deberá mostrarlle as ferramentas a empregar e auxilialo na resolución. 7. O titor supervisará a realización do proxecto, a calidade dos seus contidos, e que se desenvolva de acordo coas presentes normas. 8. Avaliará o traballo realizado polo alumno cumprimentando o Formulario correspondente. 9. En xeral ningún director poderá dirixir máis de 2 proxectos distintos no mesmo curso academico. As excepcións a esta regra deberán ser autorizadas pola Coordinadora.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Proxectos	Valorarase a capacidade formativa do traballo Valorarase o interese dos resultados	65
Presentacións/exposicións	Valorarase a exposición e defensa pública do traballo Valorarase a presentación do traballo	35

Outros comentarios sobre a Avaliación

Procedemento a seguir para a defensa pública do proxecto

- Para a superación desta materia é imprescindíbel a súa defensa pública ante un tribunal.
- Para realizar dita defensa é imprescindíbel ter superado a totalidade das restantes materias do máster.
- A defensa pública poderá realizarse en dúas datas:

Primeira data: en xaneiro 2011
Segunda data: en xullo 2011

- O/a alumno/a presentará á Coordinación do Master, 20 días antes da data de defensa do proxecto, tres exemplares do Traballo de Fin de Master, debidamente encadernados e presentados, que deberán contar co visto e prace do titor. Tamén presentará o proxecto en formato electrónico.
- Composición das comisións avaliadoras:

As Comisións Avaliadoras estarán compostas por tres membros, dos cales un deles poderá ser un profesional do sector ou empresa relacionado co tema do traballo e os dous membros restantes serán profesores doutores, garantindo a avaliación multidisciplinar dos proxectos presentados.

- Citación para a defensa:

A Coordinación do Master notificará a cada alumno a través de correo electrónico o lugar, día e hora fixados para a defensa do seu Traballo, alomenos con sete días naturais de antelación respecto da data sinalada para a defensa.

A Coordinadora do Master fará público o calendario completo de defensas.

- Defensa pública:

A defensa do Traballo de Fin de Master será realizada polo/a alumno/a en sesión pública, mediante a exposición oral do seu contido ou das liñas principais do mesmo, durante o tempo máximo especificado na citación para a defensa.
A continuación, o/ alumno/a responderá ás preguntas e aclaracións que formulen os membros da Comisión Avaliadora.
A Comisión Avaliadora deliberará sobre a cualificación a porta pechada.

- Cualificación:

A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal:

0 - 4,9: Suspenso.
5,0 - 6,9: Aprobado.
7,0 - 8,9: Notábel.
9,0 - 10: Sobresaliente.

Cada Comisión Avaliadora poderá propór a concesión motivada da mención de "Matrícula de Honra" a Traballos de Fin de Máster que fosen avaliados e que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9. A Coordinación do Programa Oficial de Posgrao, oídos os presidentes das Comisións Avaliadoras, decidirá sobre a asignación destas mencións.

A Comisión Avaliadora cumprimentará e asinará o Formulario TFM 03, onde indicará as Cualificacións obtidas polos alumnos e alumnas avaliados. O Presidente faraa pública e remitiraa á Coordinadora do Máster.

Bibliografía. Fontes de información

Recursos para a elaboración do traballo:

 Artigos e revisións en revistas e libros especializados no tema escollido. Permitirán obter unha visión xeral do coñecemento nese campo.

 Fontes secundarias sobre o tema, empresas ou sectores concretos que se analicen.

 Fontes de datos e información primaria, sobre o sector empresarial analizado e/ou a empresa ou empresas obxecto de análise.

Algunha bibliografía útil para o desenvolvemento metodolóxico do traballo:

Icart Isern, MT; Fuentelsaz Gallego, C; Pulpón Segura, A. (2001): *Elaboración y presentación de un proyecto de investigación y una tesina*. Barcelona: Edicions Universitat de Barcelona.

Thiétart, R.-A. (ed.) (2001): Doing Management Research. A Comprehensive Guide. London: SAGE Publications (English translation of Méthodes de Recherche en Management. Paris : Dunod).

Recomendacións

Outros comentarios

Para realizar a defensa pública do TFM ante o tribunal é imprescindíbel ter superado a totalidade das restantes materias do máster

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Prácticas en Empresas ou Organizacións de Soporte para a Investigación e Innovación				
Materia	Prácticas en Empresas ou Organizacións de Soporte para a Investigación e Innovación			
Código	O04M006V01112			
Titulación	Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	16	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Rivo López, Elena			
Profesorado	Gueimonde Canto, Ana Isabel Rivo López, Elena Rodríguez López, Nuria			
Correo-e	rivo@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	O obxectivo xeral desta materia é achegar o estudante á realidade laboral e contribuír a facilitar a súa inserción profesional a través dun período nunha empresa ou nun centro de innovación ou tecnolóxico. O contido da materia consiste nunha estancia dirixida co fin de realizar tarefas específicas relacionadas co ámbito profesional da xestión empresarial e/ou da concreta xestión da innovación, da tecnoloxía e/ou da calidade. Esta estancia nunha empresa ou organización de soporte á investigación e innovación (centros de innovación, centros tecnolóxicos, parque tecnolóxico, etc.) proporcionará ao alumno/a unha oportunidade para: - Adquirir unha experiencia tutelada no ámbito profesional que lle permita desenvolver unha metodoloxía e hábitos de traballo. - Valorar e avaliar a realidade laboral e profesional. - Observar as responsabilidades das/os directivos/as e a complexidade da actividade empresarial. - Identificar as características constitutivas dunha organización. - Contrastar os coñecementos teórico-prácticos adquiridos coa práctica empresarial e organizativa (entender as cuestións relativas ás funcións organizativas, ao entorno, á cultura organizativa, á problemática do sector, etc. e vinculalas co coñecemento adquirido). - Realizar traballos na organización que poñan a proba a súa capacidade crítica e reflexiva. - Tomar decisións e pór en práctica a capacidade de análise e síntese na resolución de problemas prácticos na organización. - Analizar e estruturar problemas das organizacións e deseñar solucións. - Entender as tecnoloxías (existentes e futuras) vencelladas coas organizacións nas que participan e entender o seu impacto para futuros ou novos mercados. - Vincular a enxeñaría cos coñecementos de xestión empresarial.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Capacidade de organización e planificación
A2	Capacidade para deseñar e pór en práctica os plans globais da empresa, tanto estratéxicos como operativos
A4	Dominio dos instrumentos e sistemas para a planificación e xestión global das organizacións
A5	Capacidade para seleccionar e aplicar as técnicas e instrumentos máis adecuados no deseño de estratexias e proxectos empresariais
A6	Habilidade na procura de información especializada e proveniente de distintas fontes
A7	Capacidade para a toma de decisións
A8	Capacidade para a resolución de problemas
A9	Capacidade para a transmisión de ideas e a defensa do propio criterio
A10	Capacidade de análise e vixilancia dos ambientes empresariais (contorna xurídica, fiscal, social, institucional, etc.)
A11	Capacidade para recoñecer situacións que necesiten do asesoramento de expertos (asesores financeiros, fiscais, xuristas, etc.) así como capacidade para seleccionalos e interpretar os seus ditames
A12	Capacidade de adaptación a ambientes cambiantes

A13	Capacidade de aprendizaxe
A17	Habilidade para a planificación, posta en práctica e avaliación crítica de proxectos innovadores
A19	Habilidade para resolver problemas cuxa solución non resulta da aplicación dun procedemento estandarizado
B1	Capacidade para traballar en equipos interdisciplinares
B2	Capacidade crítica e autocrítica
B3	Capacidade para traballar en ambientes de presión
B4	Capacidade de comunicación, negociación e habilidade para a resolución de conflitos
B5	Creatividade
B6	Lideranza
B7	Desenvolvemento da iniciativa emprendedora
B8	Capacidade para identificar motores de éxito das empresas de base tecnolóxica
B9	Capacidade de comunicación multicultural
B13	Capacidade para valorar as distintas vías de acceso á tecnoloxía por parte das empresas
B16	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B17	Habilidade para traballar de forma autónoma

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacidade de análise crítica e síntese.	Saber estar / ser	A9 A17 B2 B16
Capacidade para organizar e planificar.	Saber estar / ser	A1 A4 A5 A6 A17 B16
Uso adecuado de termos científico-técnicos.	saber facer	A4 A6
Capacidade de comunicación oral e escrita.	Saber estar / ser	A6 B4 B9 B16
Toma de decisións.	Saber estar / ser	A7 A8 A11 A17 A19 B16
Capacidade de traballo en equipos de carácter multidisciplinar. Capacidade para comunicarse con expertos de outras áreas. Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na súa mesma materia.	Saber estar / ser	A13 B1 B9
Habilidades nas relaciones interpersoais.	Saber estar / ser	A6 A12 A13 B1 B3 B9
Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.	Saber estar / ser	A2 A5 A10 A11 A13 A17 B7 B8 B13 B16
Habilidade para aprender e traballar de forma autónoma.	Saber estar / ser	A13 B7 B16 B17
Adaptación a novas situacións.	Saber estar / ser	A12 B3

Creatividade, iniciativa e espírito empresarial	Saber estar / ser	B5 B6 B7 B16
Compromiso ético	Saber estar / ser	A7 B2
Escoita activa	Saber estar / ser	A6 A7 A8 A12 A13
Asertividade	Saber estar / ser	A7 A8 A9 B2 B6

Contidos

Tema	
Actividades de observación.	Nos primeiros días, realizarase un período de aclimatación inicial, a través dunha fase de observación que permitirá ter un coñecemento xeral da organización. Nese período os alumnos deberán ter adquirido: a) Un coñecemento da institución ou empresa na que leven a cabo as prácticas e do seu funcionamento. Este coñecemento será froito dunha análise crítica da institución. b) Unha aprendizaxe do proceso de traballo sistemático na organización.
Período de actuación dirixida	O/a alumno/a deberá empezar a colaborar e participar máis activamente na marcha da organización, integrándose en actividades diversas dentro da organización.
Período de actuación autónoma	O/a alumno/a deberá participar, decidir (ou mesmo liderar) o deseño, dirección, xestión e/ou comercialización de proxectos na organización.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas externas	0	480	480

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas externas	O alumnado realizará as súas prácticas nunha empresa ou nunha organización de soporte á investigación e innovación ao longo do último cuadrimestre académico, unha vez que xa foron impartidos, e superados polo/a alumno/a, os 60 créditos teóricos do Máster. Procurarase que a duración total da estancia transcorra nun período de 3 meses. Procedemento de asignación de institucións de prácticas a alumnos: 1º. Ao finalizar o primeiro curso do Máster, os alumnos e alumnas interesados en realizar as prácticas deberán comunicarllo á coordinadora do Máster. 2º. Farase pública a oferta de prácticas para ese curso académico. 3º. As prácticas en empresas e institucións serán asignadas aos estudantes que así o solicitasen. Os criterios de adxudicación atenderán ao perfil fixado pola empresa, ao rendemento académico, e na medida do posíbel, ás preferencias manifestadas polos estudantes. Cada alumno/a terá asignado un profesor/a titor/a na Universidade e un profesional titor na empresa. Ambos encargaranse da súa supervisión.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas externas	O alumno recibe unha atención personalizada e reunións de seguimento co/a titor/a responsábel da institución ou empresa e co/a titor/a académico/a.

Avaliación

Descrición	Cualificación

Prácticas externas	A empresa ou institución de prácticas (a través do titor responsábel das prácticas) elaborará un informe de avaliación do estudante e entregarao á dirección do Mestrado ao finalizar o período de prácticas. Este informe conterá, entre outros a súa valoración acerca de: - Asistencia do/a alumno/a á empresa ou institución - Adquisición dos coñecementos - Grao de implicación nas actividades	100

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Algunhas referencias bibliográficas que poden servir de guía para o mellor aproveitamento das prácticas en organizacións públicas e privadas:

- García, J.; Pastor, M. S. (1999): «Guía para una buena práctica de las prácticas en empresas», en Guía de las empresas que ofrecen empleo, Fundación Universidad-Empresa, Madrid.
- Hofstadt Román, C.J. van-der; Gómez Gras, J.M. (2006): Competencias y habilidades personales para universitarios, Ed Díaz de Santos, Madrid.
- Requena, F. (1991): Redes sociales y mercado de trabajo, CIS, Madrid.
- Sáenz de Miera, A.; García Delgado, J.; Maldonado Pérez, J.L: (2002): Informe de evaluación de la calidad de las prácticas en empresas: Abril 2002,: Universidad Antonio de Nebrija, Madrid.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comercialización e Desenvolvemento de Novos Produtos/O04M006V01208
Creación de Empresas de Base Tecnolóxica/O04M006V01202
Cadro Lexislativo e Fiscal para a Constitución, o Crecemento e a Innovación/O04M006V01201
Desenvolvemento e Comercialización de Proxectos I+D+i/O04M006V01108
Dirección Estratéxica da Innovación e a Tecnoloxía: Ferramentas para a súa Xestión/O04M006V01207
Economía de Redes: a Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal/O04M006V01106
Emprendemento: Valoración e Selección de Ideas de Negocio/O04M006V01110
Financiamento para a Creación e Crecemento da Empresa: Planificación, Análise de Custos e Rendabilidade/O04M006V01109
Xestión dos Recursos Humanos para a Innovación e a Mellora Continua/O04M006V01209
Xestión Medioambiental, da Seguridade e Saúde Laboral e da Responsabilidade Social Corporativa. Sistemas Integrados de Xestión de Calidade/O04M006V01204
Habilidades Directivas/O04M006V01107
Implantación de Sistemas de Xestión da Calidade: Modelos e Técnicas/O04M006V01205
Métodos Cuantitativos e Cualitativos de Análise Avanzados/O04M006V01104
Políticas de I+D e Innovación na Unión Europea/O04M006V01206
Sistema de Diagnóstico Estratéxico e Xestión do Coñecemento/O04M006V01101
Sistema de Información Financeira para a Empresa/O04M006V01102
Sistemas Español e Galego de Innovación/O04M006V01203
Temas Avanzados en Control de Xestión/O04M006V01103
Temas Avanzados en Dirección e Administración de Operacións/O04M006V01105